

 <p>Facultade de Ciencias da Educación Universidade de Vigo</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>	<p>GRAO EDUCACIÓN SOCIAL</p>
--	--	-------------------------------------

CRITERIOS DE ACCESO E ADMISIÓN

O acceso aos ensinos oficiais de Grao en Educador Social pola Universidade de Vigo requirirá estar en posesión do título de bacharel ou equivalente e a superación da proba a que se refire o artigo 42 da Lei Orgánica 6/2001, de Universidades, modificada pola Lei 4/2007, de 12 de abril, sen prexuízo dos demais mecanismos de acceso previstos pola normativa vixente, tal e como indica o artigo 14 do RD 1393/2007 polo que se establece a ordenación de ensinos universitarios oficiais.

Ademais recoméndase formación previa en áreas humanísticas e sociais, incluído o cursar Ciclos Superiores de Formación Profesional nos cursos ofertados de Animación Sociocultural e Integración Social.

A selección realízase en función da nota de admisión ás ensinanzas universitarias Oficiais de Grao das universidades públicas españolas que se pode atopar no REAL DECRETO 1892/2008, de 14 de novembro. Este Real Decreto regula as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os criterios de admisión para todo tipo de alumnado. Para máis información consultar os enderezos web: <http://ciug.cesga.es/lexacceso.html>.

MATRÍCULA

Os/as estudantes de novo acceso poden atopar na web (www.uvigo.es ou no enderezo <http://ciug.cesga.es/index.html>) toda a información necesaria para preinscribirse no Grao do Título (Probas de acceso, admisión e matrícula, Grupos de traballo, titulación, así como o lugar de acceso para a entrega e recollida de información [LERD]).

Tamén os estudantes prescritos de novo acceso ou que xa houberen cursado estudos universitarios do título conducente ao Grao en anos anteriores ou noutras universidades, poderán matricularse telepaticamente no curso desexado accedendo a través do seguinte enderezo web que aparece na páxina da universidade de Vigo (www.uvigo.es ou a través do enderezo http://www.uvigo.es/uvigo_gl/administracion/alumnado/).

Asemade, poderán atopar toda a información que precisen sobre os pasos e trámites que hai que facer para matricularse.